



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Concellaría de servizos sociais, emprego, igualdade e cultura

I CONCURSO DE COCIÑA: “MELLOR TORTILLA DOCE DO PEÑÓN”

O Concello de Laxe, a través da súa Concellaría de Servizos Sociais, Emprego, Igualdade e Cultura, convoca o I Concurso de cociña “Mellor tortilla doce do Peñón”, con arranxo ás seguintes

BASES REGULADORAS

1. PARTICIPACIÓN

Este concurso está aberto á participación de todas as persoas profesionais ou afeccionadas do mundo da cociña e da gastronomía galegas, desexen participar.

2. OBXECTO

Elixir a tortilla doce máis saborosa e con mellor presentación na festa do Peñón 2017.

3. CARACTERÍSTICAS DA TORTILLA DOCE

A receita deberá conter os ingredientes básicos da receita tradicional de tortilla doce elaborada con motivo da celebración da festa do Peñón no noso concello.

4. INSCRICIÓNS E ENTREGA

Toda persoa que desexe participar no concurso, deberá preinscribirse nas Oficinas de Cultura do Concello de Laxe, presencialmente ou chamando ó teléfono do concello: 981 70 69 03, marcando a extensión do Departamento de Cultura número 3; facilitando: nome, apelidos, DNI, idade e teléfono de contacto.

O prazo de preinscrición estará aberto dende a data de publicación destas bases e ata o luns, día 5 de xuño, ás 13.00 horas.

A entrega de tortillas deberá realizarse no lugar habilitado ó efecto situado a carón da carpa municipal branca, colocada na Braña de Soesto, o luns día 5 de xuño ás 16.00 horas, asinando nese momento a folla de inscrición cada persoa que previamente se inscribira.

5. ADMISIÓN

Cada persoa que se inscriba, só poderá presentar unha única tortilla doce ó concurso.

Toda tortilla doce que se considere, non reúne os ingredientes básicos da receita tradicional, poderá ser excluída do concurso.

6. XURADO E RESOLUCIÓN

O xurado estará formado por 3 persoas alleas ó Concello de Laxe, e este constituirase e reunirase o mesmo Día do Peñón, luns 5 de xuño, para probar as tortillas doces previamente inscritas e presentadas ó concurso, elixindo nese mesmo momento a ou as tortillas gañadoras.

O resultado comunicarse ó mesmo tempo tanto ás persoas interesadas como a todo o público presente no momento de celebración do acto do concurso na Braña de Soesto o vindeiro luns 5 de xuño ás 16.30 horas aproximadamente.

O fallo do xurado é inapelable, e, en todo momento, prevalecerá o seu criterio sobre calquera outro. No caso de que as tortillas doces non reúnan os requisitos de presentación establecidos nestas bases e polo propio xurado que se constitúa, este último poderá declarar deserto algún ou todos os premios.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Concellaría de servizos sociais, emprego, igualdade e cultura

7. PREMIOS

Entregaranse un máximo de 3 premios (1º, 2º e 3º), ás tres mellores tortillas doces, seguindo a orde e os criterios determinados polo xurado ó efecto.

O premio consistirá no recoñecemento público das boas artes culinarias da/s persoa/s gañadora/s á ou ás mellor/es tortilla/s doce da festa do Peñón 2017, mediante a entrega dun diploma e agasallo.

As tortillas presentadas, valoraranse en función dos seguintes criterios:

- Calidade da presentación da tortilla
- Sabor e textura da mesma.

8. DATOS PERSOAIS E DEREITOS DE IMAXE

Os datos persoais recollidos na inscrición ó concurso, serán empregados, unicamente, coa finalidade de xestionar e executar este concurso.

O/s nome/s e apelidos da/s persoa/s gañadora/s, así como a fotografía da persoa no momento da recollida e entrega do premio do concurso, faranse públicos para o seu xeral coñecemento tanto ós medios de comunicación locais como a través dos medios de comunicación social dependentes do Concello de Laxe, previa autorización da persoa/s gañadora/s outorgada a través da mesma folla de inscrición.

9. ACEPTACIÓN DAS BASES

A inscrición e participación neste concurso, implica a total aceptación destas bases.

Laxe, 29 de maio de 2017

Ricardo Facal Castiñeira